

## **ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA ACROBÁTICA**

OURENSE, 15/01/2025

### **1. TECNIFICACIÓN 2025.**

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2025 será de 3.339 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación, presentado por Jorge Méndez, e acordado polo Comité autonómico:

#### **Primeiro Semestre:**

1. O presuposto destinarase a sufragar os gastos derivados dos desprazamentos, aloxamento e manutención, inscrición, etc da parella masculina de categoría Youth pertencente ao club Flic Flac clasificada para participar no Campionato de Europa 2025 que se celebrará en Luxemburgo. Teñen previsto acudir a dúas concentracións nacionais antes da súa asistencia ao Europeo.
2. Se en abril, tralo pago dos gastos mencionados da parella masculina, se dispón de presuposto, acórdase realizar unhas sesións de adestramento cun técnico especializado na modalidade, proponse ao adestrador Sergii Popov (campión de europa e do mundo en acrobática) residente en Málaga, algún técnico de Maia ou o adestrador italiano Marco Palella. Co obxectivo de corrixir elementos dos equipos en seguimento e poderían unirse algúns equipos do resto de clubs que o soliciten.

### **3. SUXERENCIAS E PREGUNTAS**

Jorge Méndez solicita que, na medida do posible, se inscriba ao maior número de xuíces ao Campionato de España de Acrobática para que entren mais notas de xuíces galegos nas actas. Acórdase telo en conta sempre e cando o custe de asistencia dos xuíces non sexa desorbitado para a Federación.

Acórdase facer un sondeo entre os clubs galegos a principios do mes de febreiro para ter unha previsión numeral dos equipos participantes na Copa Galega de Base e Escolar de Acrobática.

Establécense as datas e sedes das distintas competicións autonómicas da modalidade:

- Copa Galega Base e Escolar: 05 ou 06 de abril no ETEA (Vigo).
- Campionato Galego Base e Élite: 24 ou 25 de Maio en Nigrán.
- Campionato Galego Escolar: 14 ou 15 de xuño no ETEA (Vigo).